



CONCELLO DE REDONDELA

Resolución Alcaldía

Expte: 3477/2016

Procedemento: Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo-Novo proxecto adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD (asinado o 08.03.2024) (Plan Máis Provincia ano 2024)

Responsable: Contratación.mgm

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Mediante resolución desta Alcaldía núm. 2619/2024 de data 18.09.2024 iniciouse o expediente para a contratación da obra de Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD, financiada con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, cun orzamento que ascende a 84.949,16 euros máis o IVE do 21% por importe de 17.839,32 euros, o que fai un total de 102.788,48 euros, a licitar mediante procedemento aberto simplificado previsto no artigo 159 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público (LCSP).

Vista a escritura pública de segregación e cesión urbanística da entidade Plastic Omnium Equipamientos Exteriores, SA ao Concello de Redondela outorgada o día 11 de xuño de 2021 ante o notario Jorge Ron Latas co número 633 de protocolo.

Concedidas as autorizacións necesarias para a execución das obras mediante resolución da Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria da Xunta de Galicia de autorización administrativa previa e autorización administrativa de construción dunha instalación eléctrica de data 29.07.2020 con entrada no Rexistro Xeral do Concello o 03.08.2020 co núm. 6747 e pola Demarcación de Estradas do Estado en Galicia (Unidade de Estradas de Pontevedra) do Ministerio de Transportes e Mobilidade Sostible de data 10.09.2024 que tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello o día 12.09.2024 co núm. 14629, tras ter caducado a inicialmente concedida.

Resultando que por resolución deste mesmo órgano núm. 2574/2024 do 12.09.2024 aprobouse o proxecto técnico redactado e asinado electronicamente con data 23.04.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Luis Alberto Tizón Cabaleiro, presentado na Oficina Auxiliar de Rexistro Electrónico do Concello de Redondela o mesmo día co núm. 2024-E-RE-2891, previos informes emitidos polo arquitecto municipal con data do 21.11.2019 e 14.03.2024 e polo arquitecto técnico municipal con data 25.04.2024.

Concedida mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación Provincial de Pontevedra, adoptado en sesión ordinaria celebrada o día 14.06.2024, a cantidade de 102.788,48 euros para o financiamento da obra de Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD, con cargo ao Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024, cuxas bases reguladoras foron publicadas no BOP núm. 2 do 03.01.2024.

Replaneada a obra (acta de trazado previo asinada polo redactor do proxecto técnico con data 16.09.2024), redactado o prego de cláusulas administrativas particulares e emitida pola Intervención municipal accidental, con data 18.09.2024, certificación que acredita a





CONCELLO DE REDONDELA

existencia de crédito definitivo por importe de 102.788,48 euros na aplicación 1651A/6230001 do estado de gastos do orzamento do Concello de Redondela vixente.

Visto o informe emitido polo secretario xeral municipal núm. 149/2024 (CV 7DRT3FYGQC2EJTTXEY4XLAPWD) de data 19.09.2024.

Lido o informe do interventor municipal accidental núm. 168/2024, de data 20 de setembro de 2024 e CV 794YLGP7DYN6A9P4E95625MLG.

Esta Alcaldía, ao abeiro das competencias que lle confire a lexislación vixente,

RESOLVE

Primeiro.- Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, de data 18.09.2024 (CV 7RGNX96FKASEKTTXQC6DT326A).

Segundo.- Aprobar o expediente de contratación e aprobar o gasto con cargo ao crédito existente na aplicación **1651A/6230001** do estado de gastos do orzamento prorrogado para ao ano 2024.

Terceiro.- Dispoñer a **apertura do procedemento de adxudicación**, polo **procedemento aberto simplificado**, previsto no artigo 159 da LCSP, para a contratación da obra de **Retranqueo de CT 250 KVA no ámbito do proxecto da estrada e redes de abastecemento e pluviais dos camiños Baixada á Estación e do Cairo adaptado a RD 337/2014, de 9 de maio, para retranqueo-retirada de C.T. de 160 KVA UFD**, financiada con cargo ao **Plan de obras e servizos de competencia municipal (Plan Máis Provincia) 2024**, de acordo co proxecto técnico redactado e asinado electronicamente con data 23.04.2024 polo enxeñeiro técnico industrial Luis Alberto Tizón Cabaleiro, aprobado por resolución da Alcaldía núm. 2574/2024 do 12.09.2024, e co prego de cláusulas administrativas particulares que se aproba, e que se consideran, ambos os dous, parte integrante do contrato, fixando o **tipo de licitación en 84.949,16 euros máis o IVE do 21% por importe** de 17.839,32 euros, o que fai un **total de 102.788,48 euros**.

Cuarto.- Segundo se dispón no artigo 135 da LCSP, **inserir anuncio e pregos no perfil do contratante** do Concello de Redondela, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público, establecendo un **prazo de vinte (20) días naturais** contados dende o seguinte á data de inserción do anuncio de licitación como límite **para presentar proposicións**.

Documento datado e asinado electronicamente á marxe

